

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Primeiro semestre de 2021

“O Parlamento revive coa lingua estancada pola inacción administrativa”

Alba Nogueira López*

Resumo

Os datos de uso do galego seguen en declive e a acción administrativa de planificación e seguimento das medidas é inexistente, pero, cando menos, neste primeiro semestre de 2021 parece haber unha certa recuperación da actividade legislativa do Parlamento de Galicia en materia de lingua -moi programática e posiblemente con efectos cativos. Tamén se aprobou a Ordenanza municipal de Coruña co que, por fin, máis de tres décadas despois das primeiras leis que regulaban os usos lingüísticos locais, todas as cidades galegas contan con ordenanza na materia.

Palabras chave: acción exterior; Ordenanza de Coruña; ausencia de planificación.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

First half of 2021

Parliament revives with Galician language at a standstill due to administrative inaction

Abstract

Figures on the use of Galician language continue to fall, and administrative action for planning and monitoring measures is non-existent. However, in the first half of 2021 at least there seems to be some recovery in the legislative activity of the Galician Parliament relating to language – very programmatic and possibly with captive effects. Moreover, the municipal ordinance of A Coruña regulating language usage has also been approved. More than three decades after the first regulations on local linguistic usage, all Galician cities have an ordinance regulating this matter.

Keywords: external action; ordinance of A Coruña; lack of planning.

* Alba Nogueira López, catedrática de derecho administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es

Cita recomendada: Nogueira López, Alba. (2021). Crónica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2021. *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 76, 295-299. <https://doi.org/10.2436/rld.i76.2021.3736>

Resumo

1 Introducción

2 Lexislacion

3 Unha Administración sen máis proxecto que inaugurar actos

4 Coruña dá o paso para ter unha Ordenanza de lingua, non sen polémica

1 Introducción

Os datos de uso do galego seguen en declive e a acción administrativa de planificación e seguimento das medidas é inexistente, pero, cando menos, neste primeiro semestre de 2021 parece haber unha certa recuperación da actividade lexislativa do Parlamento de Galicia en materia de lingua -moi programática e posiblemente con efectos cativos-. Tamén se aprobou a Ordenanza municipal de Coruña co que, por fin, máis de tres décadas despois das primeiras leis que regulaban os usos lingüísticos locais todas as cidades galegas contan con ordenanza na materia.

2 Lexislación

O primeiro semestre de 2021 o Parlamento de Galicia recuperou finalmente unha actividade continuada cunha produción lexislativa máis intensa que nos últimos anos. Algunhas das leis aprobadas teñen á mencións á lingua, aínda que cun enfoque culturalista e con pouca incidencia en sectores chave para un cambio significativo na perda de falantes.

*A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia*¹ é unha desas leis programáticas tan do gusto últimamente dos lexisladores. Cun obxecto máis ben vaporoso xunta nun longo articulado un catálogo de bos propósitos, e poucas medidas concretas, no camiño de deter o declive demográfico. Nese extenso articulado ten tamén cabida unha mención á lingua, paradóxicamente, en relación coa transmisión interxeracional, probablemente o principal indicador da (mala) saúde deo galego. O artigo 109 denominado “*Reforzo das relacións interxeracionais*” establece que “As administracións públicas de Galicia impulsarán a interacción e o intercambio entre persoas de diferentes xeracións, nomeadamente entre persoas mozas e maiores, para promover o entendemento e respecto entre elas, crear relacións de cooperación e apoio mutuo e favorecer a transmisión de coñecementos e das tradicións e da lingua e da cultura galegas”. As medidas mediante as que se vai promover esa interacción entre persoas e maiores para que poidan transmitirse as tradicións, lingua e cultura” é unha incógnita que a lei non aclara. Recentes estudos, como o realizado pola Real Academia Galega no concello periurbano de Ames², son expresivos do acusado proceso de perda de falantes e de ausencia de transmisión xeracional polo que sería positivo que ás boas palabras da Lei 5/2021 se uniran accións administrativas e planificadoras que frearan esta tendencia.

Pola súa banda a *Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia*³ malia indicar no seu preámbulo que se trata “de espazos de recoñecemento da identidade galega e interacción con outras identidades”, non contén ningunha alusión á nosa lingua. Nin no título III, que baixo a epígrafe «Estrutura e funcionamento dos centros museísticos», establece o modelo organizativo destes centros, nin no título IV, «Xestión dos fondos e coleccións museísticas», nin no título IV, relativo á investigación, á difusión e á comunicación, ou o título V, «Medidas de dinamización», existen previsións específicas sobre a lingua ou os usos lingüísticos nesa actividade.

En cambio, a *Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento*⁴ contén un amplo abano de artigos sobre a lingua. Así a promoción da cultura e lingua galegas é un dos principios reitores da lei (art. 3e). No plano organizativo este principio reitor faise extensivo ás oficinas galegas no exterior. O artigo 108 fixa como unha das funcións das delegacións exteriores da Xunta de Galicia: “f) Impulsar as accións de promoción da cultura e da lingua galegas, mantendo os nexos de galegitude alí onde haxa comunidades galegas establecidas”.

Tamén se fai indicación de que a participación de Galicia na Estratexia española de acción exterior (art. 16) ten como unha prioridade especial “na promoción da lingua, a cultura e a imaxe de Galicia, na defensa dos dereitos e das expectativas da diáspora galega nos estados en que estea asentada, na promoción da empresa e

1 http://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei5_2021.pdf

2 <https://academia.gal/-/o-mapa-socioling-c3-bc-c3-adstico-escolar-de-ames-revela-o-retroceso-de-galegofalantes-ao-longo-das-etapas-educativas?redirect=%2Finicio>

3 http://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei7_2021.pdf

4 http://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei10_2021.pdf

a economía galegas no exterior e mais no estreitamento do vínculo con Portugal e coa comunidade lusófona de nación”.

Á mención á lusofonía, como espazo de conexión lingüística, tamén é obxecto de medidas dirixidas ao reforzamento dos lazos no emprego público:

Artigo 27. Cooperación galaico-portuguesa no ámbito da lusofonía

1. De conformidade co establecido pola Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía, a Administración autonómica poderá poñer en marcha un programa específico de fomento de intercambios e estadias temporais de persoal empregado público galego e portugués, en especial naquelas áreas en que se considere máis urxente o establecemento dun maior ou máis intenso nivel de cooperación, coordinación ou, mesmo, integración de servizos públicos.

Noutra orde de cousas existen algunhas previsións para garantir o uso da lingua ante as institucións europeas (Consello da Unión Europea, art. 32 e Comité das Rexións, art. 35).⁵

O Capítulo VII da lei dirixíase especificamente a regular a acción exterior nos eidos da cultura, da lingua e do turismo. O artigo 73 regula a promoción da lingua galega no exterior en actividades formativas, de creación de mercados, no recoñecemento institucional en organismos internacionais, dentro dunha estratexia de apoio á diversidade:

1. A acción exterior en materia de lingua galega promoverá o ensino da lingua e da literatura, así como as actividades relacionadas coa súa investigación e divulgación, como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego. Do mesmo xeito, impulsará o apoio institucional da utilización e a promoción do galego nas comunidades de fóra de Galicia en que ten uso e pervivencia.

2. Co fin de poñer en valor a utilidade internacional da lingua galega, a Administración autonómica:

a) Apoiará a distribución e o consumo de bens, servizos e produtos en lingua galega nos países do ámbito lusófono co obxecto de asociar a unha imaxe de dinamismo económico e comercial.
b) Impulsará a colaboración coa Administración xeral do Estado para levar a cabo, a través da rede de centros do Instituto Cervantes, actividades conxuntas de promoción e difusión da lingua galega.

c) Promoverá o uso da lingua galega nas institucións internacionais e procurará o seu pleno recoñecemento nos ámbitos en que conte con representación oficial, así como a tradución de textos galegos para o inglés e outras linguas, e viceversa.

3. O Goberno galego desenvolverá unha estratexia de intervención de Galicia a favor da diversidade lingüística e cultural, sumándose ás iniciativas internacionais neste ámbito, nomeadamente ás promovidas no marco da Unesco, en coordinación co Goberno do Estado e coas accións promovidas desde o ministerio competente en materia de asuntos exteriores, Unión Europea e cooperación.

Finalmente, as comunidades de galegos no exterior (artigo 110) poden colaborar en redes e a lei establece que “as redes así constituídas fomentarán o senso de fraternidade entre a cidadanía galega e promoverán a lingua e a cultura galegas no seu contorno”.

En grande medida as previsións desta lei non alteran o status quo existente e responden ao papel que a lingua tivo historicamente como vínculo de unión entre as comunidades galegas no exterior e ás iniciativas existentes para manter relación con elas desde o goberno galego (cursos de lingua, intercambios...). Máis novidoso pode resultar a plasmación neste texto da liña de actuación aberta coa denominada “Iniciativa Paz Andrade” (Lei nº 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía) que

⁵ Artigo 32. *Consello da Unión Europea*. 2. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos adoptados para tal fin.

Artigo 35. *Comité Europeo das Rexións*. 4. O órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior poderá solicitar a utilización da lingua galega por parte da persoa representante da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos previstos nos acordos do Comité adoptados para tal fin.

buscaba reforzar os lazos coa lusofonía. En todo caso, contrastan coa habitual atonía normativa as reiteradas referencias á lingua nesta lei.

3 Unha Administración sen máis proxecto que inaugurar actos

Unha consulta á web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<https://www.lingua.gal/portada>) explica de forma elocuente a ausencia de proxectos en marcha para normalizar a lingua galega en ningún sector ou tramo de idade. Os apartados de lexislación e planificación teñen as últimas entradas en 2018 e só se renova con frecuencia o de “Actualidade” no que se suceden inauguracións das máis variadas actividades (culturais máis que lingüísticas), homenaxes e presentación de libros. Nun labor de “coros e danzas”, moi alonxado da actividade de planificación e normalización lingüística, o órgano encargado da lingua renunciou a facer plans ou regulamentos autonómicos, co que a actividade propiamente administrativa limitábase a reproducir as convocatorias de axudas e cursos de lingua un ano tras outro con poucas variacións.

4 Coruña dá o paso para ter unha Ordenanza de lingua, non sen polémica

A comezos de febreiro de 2021 o Pleno do Concello da Coruña aprobaba inicialmente, coa única abstención do Grupo Popular, a Ordenanza para o uso da lingua galega, na que se promove o seu emprego en todas as accións e actuacións, na documentación, na comunicación social e nas relacións coa cidadanía e con todas as entidades situadas en Galicia. Con ese paso todas as cidades galegas, Coruña sería a última, disporían de ordenanza de lingua. En xuño de 2021 a Ordenanza vía definitivamente a luz coa súa publicación no BOP⁶. A Ordenanza é completa na regulación dos usos lingüísticos municipais ad intra (emprego público, formación, lingua dos cargos público) e ad extra (actividades, anuncios, contratación de bens e servizos...). Establece ademais mecanismos de seguimento cun Consello Local da Lingua de composición municipal (técnicos e políticos) que no seu seo terá unha comisión na que participarán tamén entidades representativas.

A Ordenanza naceu acompañada dunha certa polémica pola reticencia dos servizos xurídicos municipais a validar o texto amparándose na nefasta xurisprudencia sentada polo TS en relación coa Ordenanza de Lugo. Para evitar todo rastro de dúbidas un Informe da Universidade da Coruña de expertos constitucionalistas e administrativistas asesoraron ao goberno municipal en relación co texto normativo. O texto, ademais, introduce salvagardas para evitar a nulidade, ante as ameazas de recursos xa enunciadas. Diversos artigos introducen así termos como “principalmente”, “normalmente”, “con carácter xeral” para indicar que o uso do galego non vai excluír o do castelán (art. 6, art. 8, art.9).

⁶ <https://www.coruna.gal/descarga/1453775027615/22062021-BOP-ORDENANZA-USO-DA-LINGUA-GALEGA-NO-CONCELLO-DA-CORUNA.pdf>